

principia 2019

Axudas para a contratación de persoal para a realización de actividades de I+D+i en empresas e centros de coñecemento galegos en áreas estratéxicas para Galicia

Descrición / Obxectivos

Concesión de axudas para o fomento da empregabilidade de persoas de ata 35 anos en actividades de I+D+i, a través da súa contratación laboral durante un período mínimo dun ano, co fin de impulsar a súa carreira profesional, así como estimular a demanda no sector público e privado de persoal suficientemente cualificado para acometer proxectos de I+D+i enmarcados en áreas estratéxicas para Galicia (RIS3)

Intensidade da axuda

Subvención: 10.000 €/contrato 12 meses
Orzamento total: 1.100.000 €
Alcance previsto: 110 contratos

Beneficiarios



Centros de coñecemento



Empresas

Organismo xestor:
Axencia Galega de Innovación

Tipo de apoio:
Axuda a fondo perdido

Código do procedemento:
IN848C

Data de publicación no DOG:
11/01/2019

Prazo de presentación de solicitudes:
12/01/2019 – 11/04/2019

Presentación de solicitudes:
sede.xunta.gal

Máis información:

 gain.xunta.gal

 servizos.gain@xunta.gal

 981 957 008

881 999 121

Axencia Galega de Innovación (GAIN) - Rúa Airas Nunes s/n. 15702 – Santiago de Compostela



Condições dos beneficiarios

- **Empresas galegas** e/ou con centro de traballo en Galicia.
- **Organismos de investigación** (públicos ou privados) en Galicia.

Outras condicións específicas da axuda

Condições do persoal contratado:

- Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 35 anos.
- Estar en posesión dun título universitario medio ou superior ou de formación profesional de grao superior ou equivalente.
- Non ter experiencia laboral superior a 36 meses na súa categoría profesional (para o cómputo desta experiencia non se terán en conta as prácticas que formen parte dos currículos para a obtención das titulacións correspondentes, as prácticas non laborais e as bolsas).
- Non ter sido contratado nos 6 meses anteriores pola entidade solicitante, no grupo de cotización á Seguridade Social correspondente á súa titulación.
- Non ter sido subvencionada a súa contratación nas convocatorias Principia 2016, 2017 ou 2018.

Cuantía da axuda e pagamento

Subvención de **10.000 €/contrato 12 meses**.
A axuda para cada contrato será aboada nun **único pagamento** unha vez que se realice a contratación.

Condições do contrato:

- Os contratos subvencionados poderán estar formalizados entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro de 2019.
- Os contratos poderán ser indefinidos ou temporais, de duración mínima dun ano.
- As actividades de I+D+i que realicen as persoas contratadas desenvolveráanse en centros de traballo de Galicia e estarán aliñadas cos retos e prioridades da RIS3.
- As entidades poderán indicar un perfil indeterminado no momento da solicitude, o que permitirá maior flexibilidade á hora da contratación.
- **A retribución anual bruta** a percibir por cada persoa contratada deberá figurar no contrato expresamente e **non poderá ser inferior a 19.000 euros**.

Principais novidades da convocatoria 2019

Melloras no número e tipoloxía das entidades beneficiarias

- O número de contratos máximo que se poden solicitar por entidade é 5; tendo en conta que se concederán, en primeira volta, ata un máximo de 2 contratos por entidade. De existir remanentes nesa primeira concesión, poderán concederse máis contratos, por orde de puntuación, ata un máximo de 5 por entidade solicitante que cumpla os requisitos.
- Novo criterio de valoración segundo o perfil da entidade solicitante (puntos adicionais para microempresas, Iniciativas emprendedoras, IEFTs e Organismos de investigación).

Fomento da colaboración entre empresas e organismos de investigación en materia de I+D+i

- As empresas que colaboren no seu plan de formación cun organismo de investigación con sede en Galicia, recibirán unha puntuación adicional.

Especificacións e prazos da convocatoria

Convocatoria en **régime de concorrencia competitiva** con criterios obxectivos calculables de xeito automático e establecidos na orde da convocatoria.

A Axencia Galega de Innovación disporá dun prazo de 3 meses para resolver a concesión das axudas.

Régime xurídico de *minimis* para o caso das empresas.